

NOTA DE PRENSA

Atessga – Asociación de Técnicos Superiores Sanitarios de Galicia rexeita a externalización da codificación das historias clínicas dos hospitais da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

A área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos ven de facer pública a licitación do Servizo de codificación das altas hospitalarias e hospitalización a domicilio.

O obxecto da licitación é a contratación do servizo de codificación clínica dos episodios de altas hospitalarias e hospitalización a domicilio nos hospitais da área sanitaria, codificando os datos segundo a CIE-10-ES (Clasificación Internacional de Enfermedades) e CIE-O (Clasificación Internacional de Enfermedades para Oncoloxía).

Esta licitación supón a **privatización dunha actividade esencial para a sanidade pública e pon en risco a confidencialidade dos datos que figuran nas historias clínicas** xa que o 70% do persoal da empresa que realice a codificación accederá desde fora da rede do SERGAS a toda a documentación clínica necesaria (informes médicos, histolóxicos, cirúrxicos, etc.) para garantir unha codificación completa e precisa. O servizo licitado supón a codificación dunhas 25.000 altas anuais, 23.000 altas hospitalarias e 2.000 altas de hospitalización a domicilio.

O Servizo Galego de Saúde ten creada a categoría de **Técnico Superior en Documentación e Administración Sanitarias**, que ten entre as súas funcións a codificación dos procesos que se producen no entorno sanitario. Esta categoría ten listas de contratación, na actualidade na quenda libre temos 370 persoas e 43 na de promoción interna, en total 413 persoas aspirantes a un emprego inscritas nas listas de contratación e a disposición do SERGAS para ser chamadas para unha contratación pública.

Unha vez máis, a Consellería de Sanidade opta por privatizar unha parte da actividade da Sanidade Pública no canto de reforzala coa contratación de profesionais que ten agardando nas súas listas de contratación. Todas as actividades obxecto da licitación poden ser realizadas, con calidade e seguridade, desde o ámbito público polo personal capacitado e habilitado, os Técnicos Superiores en Documentación e Administración Sanitarias.

Atessga – Asociación de Técnicos Superiores Sanitarios de Galicia reclama que, se é preciso incrementar a capacidade de codificación, se contrate ao persoal que está nas listas de contratación nos hospitais públicos, creando as prazas estruturais necesarias, comezando polos hospitais da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos e se suspenda esta licitación.

Contacto para máis información: Juan R. Pérez Gómez 651 54 22 91